

## MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**2198** *REAL DECRETO 119/2005, do 4 de febreiro, polo que se modifica o Real decreto 1254/1999, do 16 de xullo, polo que se aproban medidas de control dos riscos inherentes aos accidentes graves en que interveñan substancias perigosas.* («BOE» 36, do 11-2-2005.)

A Directiva 96/82/CE do Consello, do 9 de decembro de 1996, relativa ao control dos riscos inherentes aos accidentes graves en que interveñan substancias perigosas, foi incorporada ao noso ordenamento xurídico mediante o Real decreto 1254/1999, do 16 de xullo, polo que se aproban medidas de control dos riscos inherentes aos accidentes graves en que interveñan substancias perigosas.

Con posterioridade, a Comisión Europea iniciou un procedemento de infracción contra as autoridades españolas por desconformidade coa citada transposición da directiva de referencia, que deu lugar á emisión dun ditame motivado, como paso previo a interpor a correspondente demanda ante o Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas.

Aínda que unha parte das obxeccións manifestadas pola Comisión Europea quedou resolta coa nova Directriz básica de protección civil para o control e planificación ante o risco de accidentes graves en que interveñen substancias perigosas, aprobada polo Real decreto 1196/2003, do 19 de setembro, quedan pendentes outras cuestións que exixen unha reforma do citado Real decreto 1254/1999, do 16 de xullo, e é este, precisamente, un dos obxectivos deste real decreto.

Desta maneira, as modificacións que pretenden solucionar o litixio pendente coas institucións comunitarias afectan as seguintes cuestións: a ampliación do ámbito de aplicación desta normativa aos establecementos regulados polo Regulamento de explosivos, aprobado polo Real decreto 230/1998, do 16 de febreiro, no que se refire aos deberes de información á poboación relativa ás medidas de seguridade –disposición adicional primeira–; a determinación do prazo para a notificación, por parte dos establecementos novos, da información recollida no anexo II –artigo 6.2–; a determinación do prazo para a elaboración dos plans de emerxencia exterior, para os establecementos novos –artigo 11.5–; o procedemento para a revisión, proba e modificación dos plans de emerxencia –artigo 11.7–; a prohibición de explotación ou de entrada en servizo dun establecemento cando as medidas adoptadas polo titular sexan manifestamente insuficientes –artigo 18.1–; e a verificación do cumprimento da obriga de información ao público sobre as medidas de seguridade e consignas de actuación en caso de accidentes –artigo 13.5–.

Noutra orde de cousas, a disposición derradeira primeira do Real decreto 1254/1999, do 16 de xullo, estableceu que o Goberno modificaría a Directriz básica para a elaboración e homologación dos plans especiais do sector químico, para proceder á súa adaptación aos novos requisitos contidos no citado real decreto e na Norma básica de protección civil, aprobada polo Real decreto 407/1992, do 24 de abril.

En cumprimento deste mandato, tal e como se sinalou anteriormente, mediante o Real decreto 1196/2003, do 19 de setembro, aprobouse a Directriz básica de protección civil para o control e planificación ante o risco de accidentes graves en que interveñen substancias perigosas, que constitúe o instrumento normativo técnico para o exercicio daquelas obrigas, responsabilidades e competencias que o Real decreto 1254/1999, do 16 de xullo, asigna tanto aos titulares de establecementos como ás administra-

cións implicados nos labores de prevención e control de riscos.

Dado que a Directriz básica para a elaboración e homologación dos plans especiais do sector químico, aprobada polo Acordo do Consello de Ministros, do 23 de novembro de 1990, foi derogada polo Real decreto 1196/2003, do 19 de setembro, resulta conveniente modificar as referencias que fai o Real decreto 1254/1999, do 16 de xullo, á directriz básica xa derogada.

Na súa virtude, por proposta dos ministros do Interior, de Fomento, de Traballo e Asuntos Sociais, de Industria, Turismo e Comercio, de Sanidade e Consumo e de Medio Ambiente, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 4 de febreiro de 2005,

### DISPÓN O :

**Artigo único.** *Modificación do Real decreto 1254/1999, do 16 de xullo, polo que se aproban medidas de control dos riscos inherentes aos accidentes graves en que interveñan substancias perigosas.*

O Real decreto 1254/1999, do 16 de xullo, polo que se aproban medidas de control dos riscos inherentes aos accidentes graves en que interveñan substancias perigosas, modifícase nos seguintes termos:

Un. Modifícase a alínea g) do artigo 4, que queda redactada da seguinte forma:

«g) Os establecementos regulados no Regulamento de explosivos, aprobado polo Real decreto 230/1998, do 16 de febreiro, excepto no referido na disposición adicional primeira.»

Dous. Modifícase a alínea a) do punto 2 do artigo 6, que queda redactada da seguinte forma:

«a) No caso de establecementos novos, antes do comezo da construción, dentro do prazo que determine a comunidade autónoma, que en ningún caso poderá superar un ano desde o momento en que se solicitou a licenza de obra.»

Tres. Modifícase o parágrafo primeiro do punto 2 do artigo 9, que queda redactado da seguinte forma:

«A política de prevención de accidentes graves e o sistema de xestión da seguridade formarán parte do informe de seguridade, ademais dos datos e a información especificada na Directriz básica de protección civil para o control e planificación ante o risco de accidentes graves en que interveñen substancias perigosas, aprobada polo Real decreto 1196/2003, do 19 de setembro.»

Catro. Modifícase o parágrafo segundo do punto 1 do artigo 11, que queda redactado da seguinte forma:

«O seu contido axustarase ao especificado na Directriz básica de protección civil para o control e planificación ante o risco de accidentes graves nos que interveñen substancias perigosas e elaboraranse unha vez consultado o persoal do establecemento, de conformidade co disposto no capítulo V, relativo a consulta e participación dos traballadores, da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.»

Cinco. Modifícase o punto 5 do artigo 11, que queda redactado da seguinte forma:

«5. O seu contido e procedemento de homologación axustarase ao especificado na Directriz básica de protección civil para o control e planificación ante o risco de accidentes graves en que interveñen substancias perigosas.»

O prazo para a súa elaboración, no caso de novos establecementos, será antes do inicio da súa explotación.»

Seis. Modifícase o punto 7 do artigo 11, que queda redactado da seguinte forma:

«7. Os órganos competentes das comunidades autónomas organizarán un sistema que garanta a revisión periódica, a proba e, se é o caso, a modificación dos plans de emerxencia interior e exterior, a intervalos apropiados que non deberán pasar dos tres anos. A revisión terá en conta tanto os cambios que se producen nos establecementos correspondentes como na organización dos servizos de emerxencia chamados a intervir, así como os novos coñecementos técnicos e os coñecementos sobre as medidas que deban tomarse en caso de accidente grave.

Este sistema garantizará que todas as administracións, organismos e servizos implicados dispoñan puntualmente das actualizacións, probas e revisións efectuadas nos plans de emerxencia.»

Sete. Engádesse un novo punto 5 ao artigo 13, coa seguinte redacción:

«5. A autoridade competente en cada caso remitirá á Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias do Ministerio do Interior, a través das delegacións do Goberno, a documentación acreditativa do cumprimento da obriga de información á poboación sobre as medidas de seguridade prevista no punto 1 deste artigo, para os efectos da súa remisión á Comisión Europea. A devandita remisión producirase coa periodicidade necesaria e, en calquera caso, cando se produzan modificacións ou revisións, de conformidade co disposto no punto 2 deste artigo.»

Oito. O actual contido do artigo 14 pasa a ser o punto 1 e engádesse un punto 2, coa seguinte redacción:

«2. Así mesmo, en caso de accidente grave, a autoridade competente, en cada caso, deberá:

- a) Asegurarse de que se adopten as medidas de emerxencia e aquelas que, a medio e longo prazo, sexan necesarias.
- b) Recoller, mediante inspección, investigación ou outros medios adecuados, a información necesaria para unha análise completa do accidente grave nos aspectos técnicos, de organización ou de xestión.
- c) Adoptar as disposicións adecuadas para que o industrial tome as medidas paliativas necesarias.
- d) Formular recomendacións sobre futuras medidas de prevención.»

Nove. Modifícase o punto 1 do artigo 15, que queda redactado da seguinte forma:

«1. Informarán no momento en que se teña noticia dun accidente grave, a Delegación do Goberno correspondente e, se é o caso, a Subdelegación do Goberno da provincia onde estea radicado o establecemento. A comunicación realizarase segundo o previsto na Directriz básica de protección civil para o control e planificación ante o risco de accidentes graves en que interveñen substancias perigosas.»

Dez. Modifícase o punto 5 do artigo 15, que queda redactado da seguinte forma:

«5. Así mesmo, a información correspondente aos puntos 2 e 3 incorporárase ao Banco central de datos e sucesos, de conformidade co disposto na Directriz básica de protección civil para o control e planificación ante o risco de accidentes graves en que interveñen substancias perigosas.»

Once. Modifícase a alínea c) do punto 2 do artigo 16, que queda redactada da seguinte forma:

«c) Ordenar a aplicación dos plans de emerxencia exterior e dirixilos, de acordo coa Directriz básica de protección civil para o control e planificación ante o risco de accidentes graves en que interveñen substancias perigosas.»

Doce. Modifícase o punto 1 do artigo 18, que queda redactado da seguinte forma:

«1. Os órganos competentes das comunidades autónomas deberán prohibir a explotación ou a entrada en servizo de calquera establecemento, instalación, zona de almacenamento ou calquera parte deles cando as medidas adoptadas polo titular da instalación para a prevención e a redución dos accidentes graves se consideren, de forma xustificada, manifestamente insuficientes.

Os órganos competentes das comunidades autónomas poderán prohibir a explotación ou a entrada en servizo de calquera establecemento, instalación, zona de almacenamento ou calquera parte deles cando o industrial non presentase a notificación, o informe de seguridade ou outra información exixida por este real decreto dentro do prazo establecido.»

Trece. Modifícase o punto 1 da disposición adicional primeira, que queda redactado da seguinte forma:

«1. Este real decreto non será de aplicación aos establecementos regulados polo Regulamento de explosivos, aprobado polo Real decreto 230/1998, do 16 de febreiro, que se rexerán pola súa normativa específica, salvo no relativo aos plans de emerxencia exterior, e a todo o especificado no artigo 13, sobre información á poboación relativa ás medidas de seguridade, en cuxo caso se rexerán pola presente norma.

A información á poboación relativa ás medidas de seguridade regulada no artigo 13 será realizada de forma coordinada polos órganos competentes das comunidades autónomas e as delegacións do Goberno correspondentes, e a ela poderá serlle de aplicación o carácter confidencial dos datos, tal e como se recolle no artigo 21, en razón do disposto no artigo 149.1.26.<sup>a</sup> da Constitución española e das implicacións de seguridade pública que teñan as actividades dedicadas a explosivos.»

**Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 4 de febreiro de 2005.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno  
e ministra da Presidencia,

MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ